

**1****SÁBADO**

“O Ulla e o seus habitantes”, experiencia sostible para descubrir, a través do xogo e da observación, a biodiversidade e os habitantes do río Ulla. Para público familiar.

Hora: 10.00 h

Lugar: área recreativa do Xirimbao

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

2**DOMINGO**

Concerto da Banda de Música Cultural de Teo. Ao mediodía no campo da festa de Santa Marta en Santa María de Teo.

9**DOMINGO**

“Teo entre viñedos”, percorrido polos viñedos teenses para descubrir a paisaxe vitivinícola e coñecer a forma de traballar a vide. A experiencia rematará cunha degustación de viños e unha cata harmonizada de queixos galegos. Para público xeral. A duración aproximada será de 4 horas.

Hora: 10.30 h

Lugar: Cachóns - Oza

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

“Astronomía e Cultura nas noites de estrelas”. Noite de astronomía cultural e observación do ceo nocturno dende o patrimonio arqueolóxico de Teo. A duración será dunhas 3 horas. Prazas limitadas.

Hora: 22.00 h

Lugar: Carballeira de Luou

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

12**MÉRCORES**

“Observación da eclipse solar”. Cabe sinalar que en Teo a eclipse será parcial, co 99,94% de ocultación. As persoas inscritas recibirán lentes homologadas para a súa correcta observación, así como material divulgativo para comprender e observar o fenómeno con seguridade. A recepción do público será a partir das 17.30 horas.

Hora: 19.31 h

Lugar: Alto de Montouto – Cacheiras

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

19**MÉRCORES**

“Ofrenda floral a Ánxel Casal no monólito de Montouto”.

Hora: 12.00 h

Lugar: Estivada da Ribeira – Cacheiras.

22**SÁBADO**

“Mitoloxía e natureza en Agromaior”, xincana para descubrir a natureza e a mitoloxía de Agromaior a través de xogos, probas e retos compartidos. Para público familiar.

Hora: 10.00 h

Lugar: aparcadoiro municipal de Pontevea - Reis

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

23**DOMINGO**

Concerto da Banda de Música Cultural de Teo. Ao mediodía no campo de festa de Santa María de Teo.

24**LUNS**

Concerto da Banda de Música da SR San Xoán de Calo. Ao mediodía no parque de Luou.

26**MÉRCORES**

“Consumo na rede”, obradoiro para a rapazada de entre 15 e 17 anos sobre o consumo seguro e responsable na rede. Abordaranse tamén as vantaxes e riscos do uso de internet e do comercio electrónico. Actividade enmarcada na campaña **“Veráns de Lecer Consumo”**, do Instituto Galego do Consumo e da Competencia. Prazas limitadas.

Hora: 12.00 h

Lugar: aula informática do edificio Constante Liste

Inscripción: con reserva previa en teo.gal/actividades

“Este verán coñece os teus dereitos como persoa consumidora”, charla participativa que ten como obxectivo dar a coñecer o dereito das persoas consumidoras e usuarias, especialmente no verán. Actividade enmarcada na campaña **“Veráns de Lecer Consumo”**, do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Prazas limitadas.

Hora: 13.00 h

Lugar: aula informática do edificio Constante Liste

Inscripción: con reserva previa en teo.gal/actividades

28**VENRES**

“A Cabra Montesina” de Erera Mora. Un contacontos para público familiar, pensado para a rapazada de entre 3 e 6 anos. Actividade dentro do programa Ler Conta Moito, da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Hora: 18.00 h

Lugar: biblioteca do Grilo - Cacheiras

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

29**SÁBADO**

“No corazón da Fraga de Sestelo”, andaina interpretativa para descubrir a paisaxe cultural dunha fraga nova e achegarse aos seus valores naturais e á historia deste territorio. Para público en xeral.

Hora: 10.00 h

Lugar: explanada da Florida - Rarís

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

30**DOMINGO**

“XXV Concurso Morfolóxico Cabalar”, no que colabora a Asociación Amigos do Cabalo de Teo. Dirixida a público familiar e xeral. Haberá servizos de cantina e postos de alimentación. A xornada contará con animación musical, así como xogos e obradoiros para a cativada (a partir das 17.00 h). Ademais, este ano haberá un espectáculo ecuestre “Duende Ecuestre”, da compañía burgalesa Duende Ecuestre, cunha exhibición de doma e habilidades ecuestres para todos os públicos.

Hora: A partir das 10.00 h

Lugar: Explanada da Casa Común de Oza

Entrada: acceso libre e de balde

Concerto da Banda de Música da SR San Xoán de Calo. Ao mediodía na capela de Cornide.

